

Sumario



2-3

Estado actual dos proxectos do CMA




8

Asemblea xeral ordinaria do CMA



4-5

Relanzamento de novas edicións de proxectos do CMA



9

Reelección do presidente do CMA



9

1º Socio de honra do CMA: Otero Pombo



6

Presentación de datos do sector




10-11

RINCÓN DO ASOCIADO. D.Y.M. Distema, S.L.




7

Visita da representación comercial da embaixada de Angola



12-17

Axudas e subvencións



18-20

Feiras 09

Estado actual dos proxectos do CMA

MANAGEMENT E RRHH (MR)

Proxecto ESPRO (Especialización Profesional)

Este proxecto remata no segundo semestre deste ano, como resultado as empresas participantes tiveron á súa disposición a un enxeñeiro/a, previamente seleccionado e formado, mediante un contrato laboral de 1 ano de duración, cunhas condicións moi vantaxosas.

Proxecto PRUMA (Políticas de RRHH)

Ata o de agora elaborouse un Diagnóstico da situación inicial de cada empresa no eido dos RRHH para coñecer a situación de partida co obxectivo de definir axeitadamente o Marco de Referencia de Políticas de RRHH. A posteriori, cada empresa elixirá as políticas que mais lle convén implantar de acordo co seu modelo de negocio e Plan Estratéxico.

Proxecto FORDIR (Formación de Directivos)

O programa de formación para Directivos deste ano está aprobado e pendente de execución. Contamos inicialo a principios de outubro.

EXCELENCIA OPERATIVA (EO)

Proxecto EMET (Estudo de Mellora na Embalaxe e Transporte de produtos de carpintería)

O 11 de maio, o Cluster da Madeira de Galicia en colaboración co CIS-Madeira, organizou unha Xornada de Formación e Presentación Final do Proxecto, na que participou o Departamento de Embalaxe e Transporte do Instituto Tecnolóxico AIDIMA, e o CIS-Madeira. Nesta xornada presentouse o Manual de Boas Prácticas na Embalaxe e describíronse as actividades levadas a cabo durante o proxecto.

Proxecto XESTIÓN LEAN

“Avanzando na implantación da filosofía”

As empresas participantes neste proxecto continúan os procesos de implantación da filosofía Lean nos seus centros de produción, onde xa se están poñendo en práctica distintas actuacións. A xestión visual, a produción en celas, o nivelado e a flexibilidade, a estandarización, mapa da cadea de valor, son termos cada vez máis coñecidos

polo persoal das distintas empresas que se decidiron á implantación desta metodoloxía de actuación.

A metodoloxía xa comeza dar os seus froitos, e as empresas participantes no proxecto cada vez teñen máis control sobre as súas actividades e van mellorando progresivamente os valores dos seus indicadores.

Proxecto BENCHWOOD (Benchmarking, Equipos de Mellora)

As empresas participantes no proxecto Benchwood, “Equipos de Mellora” xa levaron a cabo tres sesións dirixidas por Carlos Prado, (GIO, Universidade de Vigo). Nestas sesións son os propios empregados pertencentes ó equipo de mellora quen propoñen ideas ou accións co obxecto de mellorar ou solucionar distintas problemáticas detectadas no seo das empresas.

Esta metodoloxía consegue implicar de cheo ós traballadores, asumindo como propios os procesos nos que participan.

Proxecto FORESTEC (Empresa de Xestión Forestal)

Plan de Viabilidade. Despois de varias sesións de traballo, a Escola de Negocios Caixanova presentou o último borrador do Plan de Viabilidade da empresa Forestec, que será analizado polas empresas promotoras do proxecto, para a toma de decisións.

Ferramenta informática de cálculo. Un punto a ter en conta é a creación por parte da Escola de Negocios Caixanova dunha ferramenta na que se poden introducir as distintas variables numéricas existentes nunha explotación forestal, e con ela poderanse estimar valores coma a produtividade, inversión necesaria para o inicio da explotación, rendibilidade, etc.

INTERNACIONALIZACIÓN E MÁRketing (IM)

Proxecto PRM (Marketing orientado a Prescriptores)

Estanse realizando os proxectos de contidos para a prescripción. O Lf.01 (Información técnica), Lf.02 (Aplicacións e funcionalidades) e Lf.03 (Conservación e tratamentos) xa está rematada a introdución de contidos por parte do Instituto Tecnolóxico de Galicia, previa validación do CIS-Madeira. Respecto os Manuais de Instalación (Lf.04) xa están deseñados os manuais para a instalación de chans laminados, multicapa, tarima maciza, tarima exterior, chans rexistrables e portas de paso. O Lf.05 (Eficiencia enerxética) está subcontratado a EnergyLAB, realízase unha primeira análise das necesidades dos prescriptores para poder adaptar o proxecto axeitadamente. Respecto o

Lf.06 (Cociñas) acabamos de firmar un contrato de colaboración con Nuria Carballo e José Villacé que proporcionarán servizos de deseño, marketing e consultoría para o desenvolvemento do proxecto de cociñas. Respecto o catálogo de Obras singulares (Lf.07), Carlos Quintáns e Carlos Pita están rematando a introdución de contidos. Por último, o Lf.08 (Enxeñería e Estructuras singulares) realizouse a selección de estruturas, recopilación e redacción de contidos ó 85%.

Proxecto MADERA VIDA (Marketing orientado a la sociedad)



O Cluster da Madeira de Galicia (CMA) vai a desenrolar a campaña **Madeira Vida** que ten por obxectivo por en valor e promover os produtos da madeira e as súas aplicacións.

A campaña enmárcase dentro de PRM II, marketing orientado á opinión pública que persigue mellorar a imaxen da madeira na sociedade galega e fomentar os seus usos.

Madeira Vida ten por obxectivo trasladar ó consumidor final que:

- Polas súas características, a madeira é a materia prima do futuro: recurso renovable, reciclable e que contribúe a mitigar o cambio climático.
- Na sociedade actual, a construción en madeira é un valor en auge: ecolóxico, eficiente dende o punto de vista enerxético e saudable.
- Galicia conta cas mellores condicións para a produción de madeira e cun tecido empresarial capaz de xerar valor engadido a esta materia prima.

Proxecto GALIWOOD (Plataforma de Internacionalización)



Ata o de agora celebráronse una serie de reunións de traballo para conformar o grupo final de participantes. De feito, coa selección da empresa consultora experta en temas de internacionalización, e coa incorporación de novos participantes, o Proxecto GALIWOOD renóvase e comeza a nova andadura para desenvolver as actividades da súa Fase I _ Elaboración metodolóxica do Plan de Internacionalización. Esperamos ter rematada esta primeira fase nun prazo de 60 días, para a partires de aí comezar coa posta en marcha das distintas accións de internacionalización que se acorden desenvolver.

INNOVACIÓN, TECNOLOXÍA E DESEÑO (ITD)

Proxecto ECOINNOVACIÓN (Ecodeseño e Ciclo de Vida)

As empresas participantes neste proxecto, tras seleccionar o produto do cal queren analizar o seu impacto ambiental, están a traballar conxuntamente co equipo da USC e a Universidade Autónoma de Barcelona, os cales analizan o Ciclo de Vida do Produto e a súa Valoración Estratéxica Ambiental, respectivamente. Algunhas das empresas xa teñen os resultados de ambas análises e as propostas de mellora ambiental para o seu produto.



Proxecto INNOCOP (Innovación Cooperativa)

Na actualidade o proxecto atópase na etapa final, tódolos asociados participantes xa teñen seleccionado un proxecto de Innovación que consideran interesante para o beneficio das súas empresas. Na maioría dos casos, as empresas están ultimando a definición dos seus proxectos para presentalos as distintas convocatorias de axudas. Por outro lado indicar, que as dúas sesións de formación en I+D+i previstas no marco do programa xa foron executadas, destacando a boa acollida entre os participantes.

Relanzamento de novas edicións de proxectos do CMA

Relanzamento do proxecto INNOCOP

O martes 14 de abril, a Subdirectora Xeral de Xestión do PGIDIT, Dña. Xulia Guntín Araujo, inaugurou a Xornada de Relanzamento do “Proxecto Innocop: Innovación en produto, proceso e búsqueda de novos mercados”. Este proxecto ten como obxectivo principal axudar ás empresas do sector a implantar un proceso de xestión da innovación de valor, con vistas a saír reforzadas da crise.

A continuación, o Presidente do Cluster da Madeira falou dos aspectos positivos da innovación e insistiu na importancia de recorrer a apertura de novas vías de negocio, para poder facer fronte aos tempos difíciles polos que está a atravesar a economía en xeral.

Trala presentación, D. Miguel Jorge Fernández, Director Comercial da empresa Vidrionorte, compartiu con todos os presentes a experiencia da súa empresa ao participar na I edición de dito proxecto e animou a todos os asistentes a formar parte do mesmo na súa nova edición.

Outra das empresas que quixo compartir a súa experiencia de participar nun proxecto igual ao Innocop, pero nun sector diferente ao da madeira, foi o Grupo Vasco Gallega de Consignaciones, S.A. D. Xoán Martínez Reboredo, Director Xeral Adxunto de dita empresa, comentou cal foi o retorno que obtiveron coa participación nesta iniciativa, cun balance final moi positivo.

A xornada pechouna D. Christian Larsson, consultor socio de *Inova Consult*, empresa especializada en innovación aplicada ás pequenas e medianas empresas, responsable da execución do proxecto. Cunha longa traxectoria na implantación de proxectos e procesos de I+D+i nas empre-

sas, o seu relatorio centrouse na II Edición do Proxecto INNOCOP, explicando aos asistentes as directrices deste relanzamento e que en concreto se vai centrar en dúas modalidades: a elaboración dun Proxecto de I+D+i ou a implantación dun Proceso de I+D+i na empresa.

Relanzamento nova edición do proxecto BENCHWOOD

O pasado 20 de abril celebrouse o acto de relanzamento nunha xornada na que participaron activamente tanto empresas interesadas como xa adscritas ó proxecto. Nesta xornada representantes das empresas Laminados Villapol e Moblegal, participantes na anterior edición do proxecto, expuxeron a metodoloxía seguida e os resultados obtidos. Ademais, animaron ás demais empresas a participar nesta nova edición polas vantaxes que supuxo para elas a implicación neste proxecto. De feito, parte das empresas que habían participado na I Edición continúan nesta nova edición.

Carlos Prado, de GIO (Universidade de Vigo), presentou as actividades previstas para o relanzamento da nova edición do proxecto Benchwood ós representantes das empresas asistentes ó acto.



D. José Blanco, D^a. Xulia Guntín e D^a Belén Varela



D. Jesús Rodríguez (Director Xeral de Moblegal)



D. Carlos Prado (GIO) e D. José M^a Villapol (Responsable de Producción de Laminados Villapol)

Relanzamento nova edición do Proxecto XESTIÓN LEAN

Os días 21,22,23 e 28 de abril celebrouse o relanzamento do Proxecto de Xestión Lean a través de sesións formativas e visitas as factorías de Portadeza e PSA Peugeot-Citroën.

Formación Xestión Lean

A formación foi impartida polo Instituto Lean Management. O formato empregado foron tres Workshops de 8 horas de duración por sesión, cun carácter eminentemente práctico. Nas distintas sesións participaron Lluís Cuatrecasas, Presidente do Instituto Lean Management, Severino Abad e Juan Viadero, ámbolos dous membros do Instituto Lean Management.



Visita a Portadeza e Citroën

Na derradeira xornada deste acto, visitáronse dúas plantas onde xa se está a implantar a Xestión Lean: PORTADEZA en Lalín, e o grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo. Estas visitas foron moi útiles para coñecer a xestión dos procesos que se están a levar a cabo empregando técnicas de xestión Lean.

Para a posta en marcha desta nova edición do proxecto imos a plantexar dúas velocidades. Por un lado un proxecto enfocado a aquelas empresas que, sen experiencia previa, desexen incorporar ferramentas que facilitarán a implantación posterior da Xestión Lean. E, por outra parte, un proxecto orientado a empresas que desexen comezar de cheo coa implantación da Metodoloxía Lean. Se está interesado neste proxecto, pónase en contacto connosco.



Visita ás instalacións de Portadeza

Presentación de datos do sector

O pasado 10 de febreiro, as catro asociacións sectoriais (CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA, FECEG, FEARMAGA e MONTE INDUSTRIA) presentaron conxuntamente o informe de resultados da Industria Forestal de Galicia para o pasado exercicio 2008.

Facturación e empregos

O informe reflexa que a industria galega da madeira acadou un volume de facturación de 2.259 millóns de euros, o que supón un descenso dun 6% con respecto ao ano 2007.

Neste momento, o sector da madeira proporciona 26.000 empregos directos e cerca de 50.000 indirectos.

Dadas as circunstancias económicas, e esgotadas todas as medidas de flexibilidade laboral, os representantes da industria alertaban que estaban en perigo en torno a 3.000 empregos, se non se producía un cambio de tendencia na demanda. É por iso, que os representantes do sector forestal reclaman medidas urxentes da Administración Autonómica para a busca conxunta de solucións.

Desglose por subsectores

A coxuntura económica afectou de distinta maneira aos diferentes subsectores da cadea da madeira de Galicia.

No caso dos rematantes, o volume de cortas acadou os 8 millóns de m³ de madeira, un 30% máis que a media dos últimos 12 anos. Isto ten unha tradución directa no volume de facturación, que chegou ata os 416 millóns de euros (un 11% máis, respecto ao ano 2007). As causas que explican este incremento débense á falta de materia prima e á suba dos prezos da madeira nos mercados internacionais.

Sen embargo, o resto de subsectores sufriron de maneira significativa o freo no consumo de produtos de madeira.

Así, no caso dos serradoiros o descenso na facturación foi dun 7%, acadando os 340 millóns de euros. Os subsectores de taboleiro e pasta facturaron 817 millóns de euros, un 10% menos que no 2007.

En xeral a segunda transformación resultou máis afectada polos efectos da crise, aínda que de forma desigual nos subsectores de carpintería e moble. As empresas de mobiliario, máis directamente ligadas ao consumidor final e ó sector da construción, sufriron un maior impacto cun descenso do 15% na súa facturación. No caso das empresas de carpintería resistiron mellor a caída, cun descenso do 7%. As causas deste descenso moderado débense á diversificación dos produtos de carpintería cara o sector de instalacións comerciais e contract. A concesión de axudas para a renovación de instalacións, a internacionalización das empresas do téxtil galego e o incremento da rehabilitación de casco históricos e vivendas, son os principais motivos deste moderado descenso.

Galicia, madeira de líderes

A industria forestal galega representa o 3,5% do PIB de Galicia, o que a coloca ao nivel doutros países como Finlandia (3,7% PIB), ou Nova Zelandia (3,1% PIB). A industria forestal galega actúa como factor clave de dinamización do rural, xa que por emprego xerado a madeira é a actividade industrial líder na metade das comarcas galegas.



De esquerda a dereita: D. Juan Picos (Monte Industria), D^a Ana Orons (Fearnaga), D^a Belén Varela (CMA), D. Francisco González Outumuro (Feceg)

Visita da representación comercial da embaixada de Angola

Os días 10 a 12 de marzo tivo lugar a visita ao Clúster da Madeira de Galicia e ás instalacións de nove empresas asociadas, participantes no Proxecto GALIWOOD_Plataforma de Internacionalización.



Na visita, o Ministro Conselleiro da Representación Comercial da Embaixada da República de Angola en España, que estivo acompañado da súa secretaria, estivo na sede do CMA, ademais de en nove empresas asociadas.

As empresas visitadas, seleccionadas pola Representación Comercial de Angola a partir dun listado de empresas interesadas, estiveron repartidas en tres provincias: A Coruña, Ourense e Pontevedra.

As visitas serviron para facer contacto cos empresarios do sector do moble e de taboleiros de Galicia. Despois de coñecer o potencial das empresas galegas, a Representación Comercial de Angola encargouse de facer

chegar ás Institucións Públicas do seu país un informe detallado coas conclusións das visitas realizadas.

Os resultados esperados son o establecemento de relacións comerciais, tanto coas Institucións Públicas como cos axentes privados do mercado angolano.

Xa no primeiro día de visita, o pasado día 10 de marzo, coñecéronse as instalacións e a oferta de catro empresas asociadas – Molduras del Noroeste, Galiperfil, Industrias Cándido Hermida e Industrias Losán.

Os outros dous días repartíronse entre as visitas a Finsa, Cosman, Portadeza, Pérez Leirós e Carballo Tecnología del Mueble

Asemblea xeral ordinaria do CMA

O pasado venres 24 de abril o Clúster da Madeira de Galicia celebrou en Santiago de Compostela a Asemblea Xeral Ordinaria.

O acto estivo presidido polo Presidente do CMA, D. José Blanco Fernández, dous Vicepresidentes, D. Adriano Rego Macía e D. Jesús Rodríguez Farto, e o Tesoureiro D. Fernando Seijoso Piñón.

No transcurso da Asemblea a Xerente do CMA, Dna. Belén Varela Gestoso presentou a todos os asociados presentes o resumo das actividades desenvolvidas polo CMA ao longo do ano 2008, facendo especial énfase no grao de execución dos proxectos do Plan Estratéxico Operativo da Madeira (POMA).

De seguido, o Tesoureiro do CMA, D. Fernando Seijoso Piñón, presentou o resumo das contas anuais 2008, as cales arroxaron un balance positivo.

Posteriormente, a Xerente do CMA explicou a todos os presentes cales serían as liñas de traballo a poñer en marcha no presente ano. Seguindo a planificación prevista no Plan Estratéxico do CMA (2008-2011), continuaremos co desenvolvemento dos proxectos que se habían priorizado nas áreas de Management e RRHH (MR), Excelencia Operativa (EO), Internacionalización e Marketing (IM) e Innovación, Tecnoloxía e Deseño (ITD). Outras actuacións a executar este ano serán as VI Xornadas Internacionais de Deseño e Arquitectura, así como os Encontros con personalidades do ámbito empresarial.

Balance altas/baixas asociados

Así mesmo, presentouse o balance de altas e baixas de asociados dende a Asemblea anterior ata a presente. Vemos que o balance é moi positivo, a pesares da situación económica que está a atravesar o sector:

ALTAS

Industrias de la Madera Cubeiro, S.L.
Brauron, S.A.
Coyfor, S.A. – MAI
AGM Ebanistas, S.L.U.
Lucense de Barnizados y Acabados, S.L.
D Y M Distema, S.L.

BAIXAS

Eduardo Campo Seijas
Iglesias Neiro, S.L.
Maderas Hombreiro Pérez, S.L.

Ao remate da Asemblea abriuse unha rolda de rogos e preguntas moi positiva pola alta participación dos asociados. Unha das peticións que se plantexaban era a revisión do Plan Estratéxico para validar ou reorientar os proxectos definidos no momento do seu lanzamento, e alinearlos coas novas circunstancias económicas e de mercado que están a padecer as empresas.



De esquerda a dereita: D. Jesús Rodríguez, D. José Blanco, D. Adriano Rego e D. Fernando Seijoso

Reelección do presidente do CMA

No transcurso da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o pasado 24 de abril, celebráronse as eleccións do novo Presidente do Cluster da Madeira de Galicia.

Como resultado saíu elixida a candidatura de D. José Blanco Fernández coa maioría dos votos a favor. O Director Xeral de Pumade S.A. renova a súa Presidencia ao fronte do Cluster da Madeira de Galicia, despois de dous anos de xestión.

Composición da nova xunta directiva

XUNTA DIRECTIVA	
Presidente	José Blanco Fernández
Vicepresidente	Adriano Rego Macía
Vicepresidente	Jesús Rodríguez Farto
Vicepresidente	Celestino Vázquez Estraviz
Tesoureiro	Carlos González Conde
Secretario	César García Porto
Vogal	Jesús Castiñeira Outes
Vogal	Juan José Busto Rodríguez
Vogal	Alejandro Durán Rey
Vogal	Benito García Sánchez
Vogal	Oscar Villapol Fernández
Vogal	Ricardo Llorente Morales
Vogal	Fernando Seijoso Piñón
XERENCIA	Belén Varela Gestoso

Coa intención de que o Cluster da Madeira de Galicia dea resposta aos intereses das empresas de toda a cadea da madeira, o equipo de goberno que conformou o novo Presidente está formado por 12 empresas representantes dos subsectores de serradoiro, chapa e taboleiro, pasta de papel, carpintaría e mobiliario. Algunhas empresas repiten na Dirección, e outras incorpóranse de novo para axudar a impulsar este proxecto.

Continuidade e reorientación

A reelección de D. José Blanco como Presidente do CMA significa unha aposta pola continuación co Plan Estratéxico Operativo da Madeira (POMA) aprobado a finais do 2007.

No seu momento definíronse e priorizáronse unha serie de proxectos necesarios para o desenvolvemento e fortalecemento da maioría das empresas asociadas para o escenario 2008-2011.

A intención da nova Xunta Directiva, co respaldo de todas as empresas do CMA, é reorientar os proxectos do POMA de acordo coas novas necesidades das empresas e tendo moi en conta o novo escenario económico no que nos movemos.

1º Socio de honra do CMA: Otero Pombo

Ao remate da Asemblea Xeral, o Presidente do CMA fixo entrega ao construtor e promotor compostelano D. José Otero Pombo da distinción do primeiro Socio de Honra do Cluster da Madeira de Galicia. Neste acto estiveron presentes o Conselleiro de Medio Rural, D. Samuel Juárez, e o Secretario Xeral de Montes, D. Tomas Fernández.

O Presidente do CMA resaltou o compromiso de Otero Pombo no uso da madeira como material construtivo ao longo da súa traxectoria profesional e salientou a honra que representa para o Cluster que un profesional como Otero Pombo teña á madeira como un dos eixos fundamentais nos que se apoian as súas obras. O Presidente do CMA desexou que moitos profesionais sigan a súa estela e continúen apostando pola construción sostible e respectuosa co entorno.

Pola súa parte, o primeiro Socio de Honra agradeceu o recoñecemento do Cluster da Madeira de Galicia e adquiriu o compromiso de continuar a súa labor na promoción do sector así como seguir apostando polos usos arquitectónicos, tecnolóxicos, mobiliarios e decorativos da madeira galega.



RINCÓN DO ASOCIADO

D.Y.M. Distema, S.L.



En Xaneiro 1989, nace cun claro proxecto de servizo e asesoramento na industria da madeira. Despois do tempo transcorrido e a continua inversión na formación do equipo humano, a selección rigorosa das nosas distribucións, estamos nas mellores condicións de estudo de proxectos, asesoramento e servizo os nosos clientes.

O noso servizo de enxeñaría, estudos produtivos, software, automatismos, xunto con toda unha gama de equipamentos, nos permiten realizar proxectos a medida das necesidades dos nosos clientes.

O servizo técnico da nosa empresa, cubre toda a asistencia postvenda, (montaxes, formación, posta en marcha), mantemento preventivo, asistencia on line e calquer reparación ou apoio necesario.



Biese

Centros de Mecanizado.



Bre.Ma

Sistemas flexibles a CN por taladro, pantografiado e inserción de ferraxes.



BiesseEdge

Canteadoras de gran producción



BiesseArtech

Canteadoras



Comil

Sistemas de taladro flexibles



BiesseSand

Soluciones para o lixado



Rbo

Soluciones para a manipulación




Selco

Maquinaria para o seccionado



Líder mundial para o revestido de madeira e materiais derivados, é unha empresa líder tamén para o remate de outros tipos de superficies.



Sistemas aspiración, lixado e verniz



Software

SPAZIO3D é un CAD modular, constituído por módulos software compoñibles que permiten obter unha solución personalizada apta a calquer presuposto.

O software ARDIS é un programa de optimización e corte que acelera a produción no sector da madeira e o moble. Ideal tanto para fábricas de mobles, como para empresas de corte; dende grandes instalacións a pequenas empresas.

Avda. Sanguñeda, 127
36418 Mos (Pontevedra)
Telf. 986334284 - Fax. 986335154
dym@dymdistema.com

Axudas e subvencións

Organismo
MINISTERIO DE INDUSTRIA



Título do programa/ axuda
LÍNEA DE FINANCIACIÓN ICO-PLAN AVANZA

Beneficiarios

Podrán ser beneficiarios de esta Línea los siguientes colectivos:
Para el "Préstamo TIC": Pymes que no dispongan de conexión a Internet con banda ancha y realicen inversión en este equipamiento, así como aquellas que disponiendo de esta conexión realicen inversiones en software y hardware destinadas a mejorar sus procesos empresariales o a implantar el negocio y la factura electrónica.

Requisitos principais do proxecto

Plazos de amortización

Para "Préstamos TIC": 36 meses, con posibilidad de 3 meses de carencia incluidos, y liquidaciones lineales y mensuales.

Tipos de interés

Tipo de interés fijo: 0%

Comisiones

Las Entidades Financieras no pueden cobrar cantidad alguna en concepto de comisiones, tales como apertura, estudio o disponibilidad.

Cancelación anticipada voluntaria

El beneficiario final tiene la facultad de proceder a la amortización de la totalidad o parte de la cantidad adeudada, sin que se aplique penalización alguna.

Investimentos e/ou gastos computables

Inversiones financiables:

Productos electrónicos, informáticos y de telecomunicaciones, incluyendo hardware, software, aplicaciones, servicios y contenidos para:

Acceso a Internet en banda ancha: podrá financiarse el alta al servicio de conexión a Internet en banda ancha, pero no los consumos mensuales, y los productos de acceso, incluidos los de seguridad.

Presencia en Internet, incluida la elaboración de página Web y portales de empresa.

Incorporación de las TIC a los procesos empresariales, mediante herramientas de gestión avanzada: CRM (Sistemas de gestión de clientes), ERP (Sistemas de gestión empresarial), Sistemas de cadena de suministro, Sistemas de gestión documental, etc.

Comercio electrónico y facturación electrónica, mediante aplicaciones y servicios que faciliten la realización por parte de las PYMES de transacciones electrónicas con otros agentes, incluidas las Administraciones Públicas.

Opcional: software de ofimática y otro software, antivirus, dispositivo lector de tarjeta electrónica, periféricos y alta en servicio de conexión a Internet en banda ancha de equipamiento informático y conexión a Internet en banda ancha.

Se financiarán las inversiones con una antigüedad máxima de un año.

Contía das axudas

Se financiará hasta el 100% de la inversión, excluido el IVA, con un máximo de 200.000 euros por beneficiario final y año natural.

Plazo de presentación de solicitudes

Hasta el 31 de diciembre de 2010 o hasta el agotamiento de los fondos en su caso.

Incompatibilidades

Esta Línea está sometida a la condición de mínimos de la Unión Europea y es compatible con las ayudas recibidas de las Comunidades Autónomas u otras instituciones, debiendo respetar los límites máximos establecidos por la Unión Europea.

Organismo
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

Rúa Doutor Teixeiro 26 - 15701 Santiago de Compostela
Tel: 981.957.390 / 981.957.391
info.segapi@xunta.es
www.segapi.org

Título do programa/ axuda
AXUDAS PARA O FOMENTO DA PROPIEDADE INDUSTRIAL

Obxectivo

Concesión de axudas para o fomento da propiedade industrial

Tipos de apoio

Subvención a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva.

Beneficiarios

Microempresas e Pemes.

Investimentos e/ou gastos computables

Conceptos:

- Solicitude de títulos de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos), ante as oficinas nacionais, rexionais ou internacionais.
- Mantemento de títulos de propiedade industrial correspondentes a invencións,
- Análise de rexistrabilidade de títulos de propiedade industrial

Gastos:

- Os importes das taxas aplicadas por ditas oficinas para a realización dos trámites citados.
- Gastos de consultoría externa:
- Preparación e presentación da documentación correspondente aos trámites citados.
- Buscas de antecedentes rexistrados ou informes de rexistrabilidade, efectuados con carácter previo á solicitude

Realización dos gastos:

Os gastos deberán estar realizados e pagados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data de presentación da solicitude de subvención.

Contía das axudas

Subvención a fondo perdido do 70% dos gastos subvencionables, cunha limitación de 36.000 euros por beneficiario.

O importe da axuda concedida non poderá exceder, xunto coas demais axudas (amparadas pola cláusula de minimis) outorgadas ao beneficiario no último período de tres anos, o límite de 200.000 euros.

Plazo de presentación de solicitudes

Ata o 15 de novembro de 2009

Incompatibilidades

Serán incompatibles con calquera outra outorgada, para a mesma finalidade, por calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado.

Referencia legislativa

Orde do 5 de xuño de 2009 (DOG N°114 do 12/06/2009) - Bases e convocatoria 2009

Organismo

IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica

Teléfono: 902 300 903

www.igape.es

informa@igape.es

www.ico.es



Título do programa/ axuda

CONVENIO IGAPE-ICO-EEFF 2009

Obxectivo

Establecer unha liña de subsidiación ao financiamento obtido polas pequenas e medianas empresas que promovan investimentos na

Comunidade Autónoma de Galicia ou no estranxeiro, mediante algunha das liñas do Plan de fomento empresarial 2009 do Instituto de Crédito Oficial (ICO)

Tipos de apoio

Subsidiación ó tipo de xuro préstamo /leasing. Réxime de concorrencia non competitiva.

Beneficiarios

Microempresa ou Pemes que formalizasen operacións de crédito con cargo a algunha das liñas do Plan de fomento empresarial 2009 do Instituto de Crédito Oficial (ICO) por un importe superior a 25.000 € e cumpran coas condicións específicas establecidas nestas bases.

Porcentaxes de financiamento

O importe mínimo de financiamento será de 25.000 € por beneficiario, e o máximo será o establecido polo ICO para cada unha das liñas:

a) Para a LIÑA ICO-PEME e a LIÑA INTERNACIONALIZACIÓN:

1.500.000 euros. A porcentaxe de financiamento poderá chegar ata un 100% do investimento a realizar en activos novos produtivos.

b) Para a LIÑA CRECEMENTO EMPRESARIAL: 6.000.000 euros.

A porcentaxe de financiamento poderá chegar ata un 90% do investimento a realizar en activos novos produtivos

c) Para a LIÑA EMPRENDEDORES: 200.000 euros.

A porcentaxe de financiamento poderá chegar ata un 80% do investimento a realizar en activos novos produtivos.

En calquera caso, a subsidiación devengarase durante a vixencia da operación financeira, non podendo exceder en ningún caso dos 7 primeiros anos de vixencia da devandita.

As entidades de crédito non poden cobrar cantidade ningunha polas xestións relativas ao cumprimento das obrigas destas bases.

No caso de que a operación sexa avalada por unha sociedade de garantía recíproca, estas sociedades poderán percibir polo importe do aval que presten unha comisión máxima anual do 1% sobre os saldos máximos garantidos cada ano.

Investimentos e/ou gastos computables

O proxecto deberá materializarse en activos produtivos novos.

En ningún caso serán financiáveis:

- Reestruturacións de pasivo ou refinanciamentos.
- Activo circulante, adquisición de empresas e tomas de participación, agás na liña de internacionalización.
- Investimentos cuxa finalidade sexa a deslocalización da empresa.
- Elementos de transporte, no sector de transporte por estrada ou urbano.
- O Imposto sobre o valor engadido (IVE) ou calquera outro tributo ligado ao investimento.

Contía das axudas

a) A subsidiación das operacións de préstamo/leasing acollidas a este convenio será, con carácter xeral, de 0,65 puntos.

b) Agás no caso da liña de EMPRENDEDORES, para o resto das operacións, se fosen avaladas por unha SGR que subscribise o convenio, a comisión do aval financeiro prestado, poderá ser integralmente subvencionada polo Igape.

A axuda financeira que se conceda, tanto a subsidiación ao tipo de xuro como, se é o caso, a subvención da comisión de aval da SGR, pagarase dunha soa vez.

A subsidiación devengarase durante a vixencia da operación financeira, non podendo exceder en ningún caso dos 7 primeiros anos de vixencia da mesma.

Plazo de presentación de solicitudes

Ata o 21 de febreiro de 2010.

Referencia legislativa

Resolución do 7 de abril de 2009 (DOG N°73 do 17/04/2009) - Bases reguladoras 2009.

Resolución do 7 de abril de 2009 (DOG N°80 do 27/04/2009) - Corrección de erros.

Resolución do 22 de abril de 2009 (DOG N°81 do 28/04/2009) - Adhesión entidade financeira.

Organismo

IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica



Título do programa/ axuda

PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PROXECTOS DE INVESTIMENTO EN GALICIA CON FONDOS DO BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS (BEI).

Beneficiarios

Empresas promotoras de investimentos elixibles que teñan a consideración de Peme independente. Poderán concederse préstamos a Pemes que non cumpran o criterio de independencia ata un importe máximo conxunto de 66.666.666 € (1/3 do préstamo global concedido ao Igape).

Requisitos principais do proxecto

Por regra xeral, os proxectos deberán prever novos investimentos e/ou intervencións de ampliación ou mellora de instalacións existentes, para realizar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Importe do investimento e do financiamento: só poderá financiarse con fondos do préstamo aqueles proxectos cuxo investimento financiable estea comprendido entre 240.000 € e 25.000.000 €.

Prazo e carencia: os préstamos que conceda o Igape terán un prazo mínimo de amortización de 24 meses e un máximo de 12 anos sen que en ningún caso poida superar a vida económica e técnica dos bens financiados. Poderá establecerse un prazo de carencia máximo de 4 anos.

Tipo de xuro: o tipo de xuro variará por semestres naturais e determinarase de acordo coa seguinte norma:

Tipo de referencia: euribor a prazo de 6 meses

Tipo adicional: 0,50 puntos porcentuais

O tipo de xuro nominal dos préstamos que se formalicen no primeiro semestre de 2009 será o 4,795%.

Comisión de apertura: os préstamos que conceda o Igape devengarán unha única comisión, no momento da súa formalización, do 1% do capital formalizado.

Amortización anticipada: a prestameira ten a facultade de proceder ao reembolso total ou parcial do préstamo, mediante notificación dirixida ao Igape cun aviso previo mínimo de 15 días hábiles, e coincidente, en calquera caso, cunha data de revisión do tipo de xuro.

Investimentos e/ou gastos computables

O proxecto debe levarse a cabo nun prazo máximo de tres anos. Os investimentos e gastos que poden ser obxecto de financiamento son os seguintes:

